

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



POLOS CREATIVOS

KS-C1-Construción

Peza a peza

Construcción 1

Achega

- Depresores de madeira
- Velcro adhesivo
- Tesoira

Observa

Nas estruturas cotiás podemos identificar elementos simples recoñecibles de xeito sinxelo, como os cadrados e os triángulos, todos eles formados por barras onde as interseccións e as unións son moi importantes.

Indaga

- Constrúe un primeiro triángulo. Todos os lados son iguais? Poderíamos construír outros tipos de triángulos?
- Podemos compoñer máis figuras xeométricas empregando os nosos materiais. Aumenta o número de barras e constrúe no mesmo plano diferentes modelos xeométricos. Se os fas lineais, cales deles son máis estables? Inflúe o número de lados?
- Aplicando forzas nos vértices das pezas creadas, podemos comprobar cales resisten mellor as deformacións. Resisten ben todas elas ou algunha en especial?
- Estamos a empregar unha soa barra pero que sucedería amoreando máis barras na mesma figura xeométrica? Resiste máis ou menos?
- Proba a darlle volume ás nosas construcións sinxelas tentando unir varias e seguindo o mesmo modelo xeométrico. Resulta mellor unir varias iguais ou intercalar varios modelos distintos? (proba triángulos e cadrados, por exemplo)



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.

